

EDITO APROBACIÓN PADRÓN FISCAL TAXA POR ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN CONCELLO DE TEO 1º TRIMESTRE 2020.

Por decreto da Alcaldía de data 6 de maio aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Teo correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2020. Por un importe total de douscentos corenta e seis mil trescentos dezasete euros con dezaoitto céntimos (246.317,18 €)

O citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na casa consistorial do Concello de Teo. Os prazos de pago son os determinados no calendario fiscal 2020 da taxa de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración, rematando para este primeiro trimestre o 31 de xullo de 2020.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes a contar desde o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade co previsto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. E de conformidade co artigo 33.7 do RDL 8/2020, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo RDL 15/2020; o cómputo do prazo para interpoñer o devandito recurso de reposición non se iniciará ata pasado o 30 de maio de 2020, ou ata que se produza a notificación nos termos da Sección Terceira do Capítulo II do Título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria, se esta última se producise con posterioridade a aquel momento.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta Superior de Facenda–Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante a publicación do anuncio de aprobación no Boletín Oficial da Provincia do padrón. E de conformidade co artigo 33.7 do RDL 8/2020, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo RDL 15/2020; o cómputo do prazo para interpoñer a devandita reclamación económico-administrativa, non se iniciará ata pasado o 30 de maio de 2020, ou ata que se produza a notificación nos termos da Sección Terceira do Capítulo II do Título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria, se esta última se producise con posterioridade a aquel momento.

A falta de pagamento no período voluntario do sinalado canon da auga dá Xunta de Galicia suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes, o día 05/06/2020.

Lugar de ingreso: Os recibos non domiciliados poderán ingresarse nas oficinas da entidade bancaria colaboradora Abanca, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario.

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado no Servizo de Augas de Teo (Travesía da Ramallosa nº 38) ata o 31/07, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Días de ingreso: días hábiles nos horarios de caixa establecidos pola entidade colaboradora para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDITO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Teo a 6 de maio de 2020.

O Alcalde

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira